

REGULAMENTO REGULADOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE A CORUÑA

* Aprobado polo Pleno da Corporación o 12/07/2002. (Publicado no BOP o 16/11/2002).

* Modificado no ano 2004. (Publicado no BOP o 27/07/2004).

*Aprobada nova modificación polo Pleno da Corporación o 17/12/2007. (Publicado no BOP o 08/01/2008).

*Aprobada nova modificación pola Xunta de Goberno Local o 5/12/2008.

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 1.º . Ámbito persoal de aplicación

Artigo 2.º . Solicitudes

Artigo 3.º . Prazo de presentación de solicitudes

Artigo 4.º . Documentación

Artigo 5.º . Causas xerais de exclusión

Artigo 6.º . Penalización

Artigo 7.º . Importe das axudas

Artigo 8.º . Distribución

Artigo 9.º . Consignación orzamentaria

Artigo 10.º . Tramitación

Artigo 11.º . Interpretación do regulamento

CAPÍTULO II. AXUDA ECONÓMICA POR MINUSVALÍA

Artigo 12.º . Alcance

Artigo 13.º . Documentación

Artigo 14.º . Importe da axuda

CAPÍTULO III. AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15.º . Alcance

Artigo 16.º . Documentación

Artigo 17.º . Importes máximos destas axudas

CAPÍTULO IV. AXUDA ECONÓMICA POR GARDERÍA E EDUCACIÓN INFANTIL

Artigo 18.º . Alcance

Artigo 19.º . Documentación

Artigo 20.º . Importe da axuda

CAPÍTULO V. AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLOXÍA E ENFERMIDADE

* Odontoloxía

Artigo 21.º . Alcance

Artigo 22.º . Documentación

Artigo 23.º . Importe da axuda

* Oftalmoloxía

Artigo 24.º . Alcance

Artigo 25.º . Documentación

Artigo 26.º . Importe da axuda

* Otorrinoloxía

Artigo 27.º . Alcance

Artigo 28.º . Documentación

Artigo 29.º . Importe da axuda

* Enfermidade

Artigo 30.º . Alcance

Artigo 31.º . Documentación

Artigo 32.º . Importe da axuda

CAPÍTULO VI: AXUDA ECONÓMICA POR ADQUISICIÓN DE VIVENDA

Artigo 33.º . Alcance

Artigo 34.º . Requisitos

Artigo 35.º . Documentación

Artigo 36.º . Importe

CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS

Artigo 1.º . Ámbito persoal de aplicación.

1.1 Poderán optar ás axudas económicas descritas no presente regulamento, coas excepcións que nel se contemplan, o persoal do Concello da Coruña así como os membros da súa Unidade Familiar. O citado persoal, que a continuación se detalla, deberá ostentar tal condición no ano a que se refire a convocatoria do concurso de axudas económicas, e realizar o gasto ostentando esta.

- a) Funcionarios de carreira e persoal laboral fixo.
- b) Funcionarios en prácticas.
- c) Funcionarios interinos, de emprego e persoal laboral eventual, cun mínimo de seis meses de permanencia ao servizo do Concello durante o período ao que se refire a convocatoria de axudas.
- d) Xubilados e pensionistas do Concello da Coruña.
- e) Orfos que non superen o límite de idade fiscal que cada ano se marque na Lei do IRPF pola que se poida xerar dereito de dedución, solteiros e que non alcancen, no exercicio correspondente, rendas superiores ao salario mínimo interprofesional para maiores de 18 anos, cando o seu dereito pasivo sexa consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral co Concello da Coruña.

1.2.- Aos efectos do presente regulamento, entenderase por unidade familiar, a formada polo traballador/a, o seu cónxuxe ou parella de feito e:

- a) Os fillos/as solteiros/as do traballador/a, que reúnan os seguintes requisitos:
 - Convivir no domicilio familiar.
 - Non cumprir a idade fiscal máxima dentro do ano ao que se refire cada convocatoria de axudas, segundo a Lei do IRPF, salvo aqueles que teñan recoñecido un grao de minusvalía igual ou superior ao recollido na lei anterior, aos efectos de xerar dereito de dedución, por parte da entidade pública competente nesta materia.
 - Non alcanzar, no ano natural, rendas superiores ao salario mínimo interprofesional garantido para maiores de 18 anos.
- b) Os ascendentes do traballador/a, que reúnan os seguintes requisitos:
 - Convivir no domicilio familiar.
 - Non alcanzar, no ano natural, rendas superiores ao salario mínimo interprofesional garantido para maiores de 18 anos.

c) Outras persoas vinculadas ao traballador/a por razón de tutela ou acollemento, non remunerado, formalizado na entidade pública con competencias nesta materia; sempre que cumpran os requisitos establecidos no apartado anterior

1.3.- No caso de separación legal ou divorcio, as axudas aos fillos serán do 80%.

1.4.-No caso de que o/a solicitante, persoal activo, non prestase servizos todo o ano ou curso escolar ao que se refire o concurso das axudas económicas, a axuda que percibirá terá un importe directamente proporcional ao tempo traballado.

Artigo 2.º . Solicitudes.

2.1.-As solicitudes das axudas formularanse, en todo caso, polos empregados municipais, no modelo oficial que facilitará o Rexistro Xeral, facendo constar o tipo de axuda solicitada e para quen se solicita, achegando a documentación esixida.

2.2.-No caso de que os dous cónxuxes sexan traballadores municipais, ambos, deberán asinar a solicitude da axuda económica, independentemente de quen a solicite.

2.3.-O feito de presentar a solicitude, entraña a aceptación das condicións establecidas no presente regulamento.

Artigo 3.º . Prazo de presentación de solicitudes.

Establécese un único prazo para a entrega de solicitudes e documentación que comprende o período que vai desde o 1 ao 31 de xaneiro do ano seguinte ao que se refira o concurso de axudas.

Artigo 4º: Documentación.

Coa solicitude, presentárase a seguinte documentación común aos diferentes tipos de axuda; así como as específicas de cada unha delas e que máis adiante se sinalarán:

a) No caso de que algún dos membros da Unidade Familiar percíbise, ou vaia percibir, axudas económicas polo mesmo concepto ou análoga finalidade que as desenvolvidas no presente regulamento, deberá presentar certificación ou outro documento acreditativo do importe da axuda recibida. No suposto de percibir a mencionada axuda con posterioridade á establecida no presente regulamento, deberá comunicarse da mesma forma.

- b) Certificación da Axencia Tributaria sobre o nivel de renda, correspondente ao último exercicio declarado a data de presentación de solicitudes de axudas, do solicitante e de todos e cada un dos membros da unidade familiar. Incorporarase, con cada solicitude, unha autorización expresa asinada por todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, para que o Concello consulte os datos fiscais na Axencia Tributaria. No caso de non existir datos fiscais dalgún membro da unidade familiar, maior de 16 anos, deberá acreditar os seus ingresos mediante certificación do Organismo ou Entidade da que perciba devanditos ingresos ou, no seu caso, presentar declaración xurada de non percibir ingresos.
- c) Ademais, no seu caso, declaración xurada de non percibir axudas.

Artigo 5.º .-Causas xerais de exclusión.

Serán causas de exclusión das axudas económicas, entre outras, as seguintes:

- a) Presentar a solicitude fóra de prazo.
- b) Non presentar a documentación exisida dentro do prazo de presentación de solicitudes. A notificación para solicitar documentos non achegados ou para mellorar os achegados será publicada no taboleiro de anuncios así como de todos os centros de traballos deste Concello e remitirase por correo electrónico a todos os empregados que dispoñan deste, a fin de garantir a máxima difusión, nos termos establecidos no apartado 5.b), do artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Establécese como período de publicación o prazo que transcorra entre o día 15 de maio e o 15 de xuño de cada ano. Os solicitantes cuxa condición sexa a de xubilado ou pensionista, serán notificados no seu domicilio.
- c) Carecer dalgún dos requisitos ou documentos esixidos.
- d) A falsidade ou ocultación, debidamente probada, de datos ou documentos.
- e) Que a persoa causante do gasto non forme parte da unidade familiar.
- f) Existir separación xudicial do matrimonio, cando se solicite axuda económica por gastos de cónxuxe.
- g) Renunciar, calquera dos membros da unidade familiar, á percepción das axudas, que polo mesmo concepto ou análoga finalidade puidese obter por parte de entidades públicas ou privadas, con excepción dos supostos de axudas por minusvalía.

Artigo 6.º . Penalización.

Todos aqueles solicitantes, ou membro da súa unidade familiar, que incorran nunha manifesta ocultación, falseamiento de datos ou documentación, que resultase determinante para a concesión e/ou fixación da contía da correspondente axuda, serán penalizados con dez anos de exclusión das axudas, o/a e todos os

membros da unidade familiar, e no caso de que se percibise algunha outra axuda, en tales circunstancias, sen prexuízo da penalización prevista neste artigo, estarán obrigados ao reintegro do importe desta perdendo o dereito a percibir calquera das axudas económicas descritas no presente regulamento, todos os membros da unidade familiar, en tanto non se produza este reintegro.

Artigo 7.º . Importe das axudas.

7.1.- O importe máximo que se perciba en concepto de axuda económica, non poderá ser superior ao importe do gasto realizado, excepto no caso da axuda de bolsa de estudos e minusvalía. Enténdese por gasto realizado, o acreditado documentalmente polo solicitante; descontando dos gastos que proceda computar, segundo o disposto no presente regulamento, a aplicación dos límites ou índices correctores reflectidos no artigo 8º.

7.2.-No suposto de percepción de axuda económica, subvención ou bolsa de estudos polo mesmo concepto ou análoga finalidade por parte de entidade pública ou privada, se o importe daquela fose inferior ao que corresponda pola aplicación do presente regulamento, terase dereito á percepción desta, deducindo o importe recibido polo mesmo concepto. Non se terá en conta esta axuda no caso das minusvalías.

7.3.-No caso de percibir as axudas económicas ou subvencións previstas no número anterior, con posterioridade ao abono das axudas establecidas no presente regulamento, descontaríase o importe daquelas, dos importes que percibirá a unidade familiar, nas seguintes convocatorias.

Artigo 8º: Distribución

8.1.- O importe da partida destinada ás axudas que aquí se regulan, distribuirase de forma inversamente proporcional á base imponible da unidade familiar do solicitante. No caso de non dispor da base imponible da unidade familiar utilizarase como dato os ingresos netos da unidade familiar, entendéndose como ingresos netos a diferenza entre o total de rendementos menos os gastos deducibles.

**TÁBOAS DE LÍMITES OU ÍNDICES CORRECTORES DA BASE IMPOÑIBLE
OU, NO SEU CASO, DOS INGRESOS NETOS E IMPORTES PARA PERCIBIR
POR CADA UN DOS SOLICITANTES**

REDUCIÓN POR UNIDADE FAMILIAR	
Nº de membros da unidade familiar	Porcentaxe reductora por unidade familiar
1	60,00 %
2	40,00 %
3	29,00 %
4	22,50 %
5	18,50 %
6	15,50 %
7	13,50 %
8	12,00 %
9	10,50 %
10	9,50 %

REDUCIÓN POR INGRESOS	
Ingresos netos	Porcentaxe de axuda
De 0,01 € a 5.750,00 €	100,00 %
De 5.750,01 € a 6.500,00 €	95,00 %
De 6.500,01 € a 7.250,00 €	90,00 %
De 7.250,01 € a 8.000,00 €	85,00 %
De 8.000,01 € a 8.750,00 €	80,00 %
De 8.750,01 € a 9.500,00 €	75,00 %
De 9.500,01 € a 10.250,00 €	70,00 %
De 10.250,01 € a 11.000,00 €	65,00 %
De 11.000,01 € a 11.750,00 €	60,00 %
De 11.750,01 € a 12.500,00 €	55,00 %
De 12.500,01 € a 13.250,00 €	50,00 %
De 13.250,01 € a 14.000,00 €	45,00 %
De 14.000,01 € a 14.750,00 €	40,00 %
De 14.750,01 € a 15.500,00 €	35,00 %
De 15.500,01 € a 16.250,00 €	30,00 %
De 16.250,01 € a 17.000,00 €	25,00 %
De 17.000,01 € a 17.750,00 €	20,00 %
De 17.750,01 € a 18.500,00 €	15,00 %
De 18.500,01 € a 19.250,00 €	10,00 %
De 19.250,01 € en diante	5,00 %

8.2.-Para o cálculo do importe da axuda, as anteriores porcentaxes aplicaranse, en todo caso, sobre o límite máximo establecido para cada un dos tipos de axuda; aínda que o gasto realizado fose superior (artigo 7.º .1).

Artigo 9.º . Consignación orzamentaria.

9.1.-A cantidade máxima que se abonará a cada solicitante será a resultante da aplicación do presente regulamento.

9.2.-A pesar do establecido, no número anterior, a cantidade máxima que se abonará á totalidade dos perceptores de axuda por adquisición de vivenda, non poderá exceder, en cada exercicio, do 25% da partida global destinada ás axudas económicas.

9.3.-

a).- No caso de que a cantidade total prevista a abonar no exercicio superase o importe dispoñible para tal efecto nos orzamentos anuais, todos os importes calculados por cada axuda individualmente deberán ser reducidos proporcionalmente para axustarse ao importe consignado e dispoñible nos devanditos orzamentos.

b).- No caso contrario, isto é, que a cantidade total prevista a abonar no exercicio fose inferior ao importe dispoñible para tal efecto nos orzamentos anuais, todos os importes calculados por cada axuda individualmente deberán ser aumentados proporcionalmente para axustarse ao importe consignado e dispoñible nos devanditos orzamentos. Este aumento non deberá superar o total do gasto igual a aquel calculado cunha porcentaxe de axuda xustificada do 100 %.

9.4.-Se unha vez distribuídas todas as axudas, sobrase diñeiro, este destinarase a complementar as pensións dos xubilados e pensionistas, ata o salario mínimo interprofesional.

Artigo 10.º .-Tramitación.

As axudas económicas serán concedidas por resolución do órgano municipal con competencias en xestión de persoal, a proposta do Servizo de Persoal e previo informe da Xunta de Persoal e Comité de Empresa respecto das axudas por enfermidade.

Artigo 11.º .-Interpretación do regulamento.

Resérvase á comisión mixta paritaria de interpretación e estudo do acordo regulador, a facultade de interpretar as dúbidas ou contradicións, que puidesen xurdir da aplicación deste regulamento; ademais a

posibilidade de introducir as modificacións que fosen precisas para o seu mellor desenvolvemento e/ou aplicación, coa condición de non desvirtuar os requisitos, as condicións nin a finalidade das axudas económicas que se contemplan no presente regulamento.

CAPÍTULO II. AXUDA ECONÓMICA POR MINUSVALÍA

Artigo 12.º . Alcance.

12.1.- Poderán optar a esta axuda as persoas, incluídas no ámbito de aplicación do presente regulamento afectadas por unha minusvalía; a condición de que esta sexa dun grao igual ou superior ao 33% e que non perciba pensión, renda ou salario superior ao salario mínimo interprofesional.

12.2.-Estas axudas son complementarias de todas aquelas outras que se poidan percibir doutro organismo público ou privado.

Artigo 13.º .-Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uniranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a seguinte:

- a) Certificación do grao de minusvalía, expedido polo Inerser ou polo organismo da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 14.º . Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica por minusvalía será o seguinte:

Grao de minusvalía	Euros
Igual ou superior ao 33%	400,00
Igual ou superior ao 65%	1.300,00
Igual ou superior ao 75%	2.300,00

CAPÍTULO III. AXUDA ECONÓMICA POR BOLSA DE ESTUDOS

Artigo 15.º . Alcance.

15.1.- Inclúense neste concepto, o conxunto de gastos que puidesen producirse como consecuencia dos estudos que realice o persoal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento, en tan só un dos seguintes niveis de estudos:

- a) Educación infantil pública.
- b) Educación primaria obrigatoria, ata 6º curso.
- c) Educación secundaria obrigatoria, Bacharelato (LOGSE) e Formación Profesional de grao medio ou superior, e curso de acceso á Universidade.
- d) Universidade, escola técnica ou conservatorio.
- e) Estudos homologados polo Ministerio ou Consellería de Educación, con validez académica.
 - Os cursos dos apartados d) e e), non poderán recibir axuda superior ao gasto realizado.
 - Os solicitantes de bolsas de estudos dos apartados d) e e) para poder percibir a axuda deberán achegar a certificación da denegación da bolsa e o pago das taxas que correspondan antes do 15 de maio do ano da solicitude.

15.2.-Quedan expresamente excluídos os doutoramentos e másteres.

15.3.- Esta axuda económica concederáse só sobre un nivel de estudos, carreira ou curso por ano ou, no seu caso, por materias soltas nos termos previstos no artigo 17.2; e no caso de solicitar máis dunha axuda económica, soamente se abonará unha delas, que será a que resulte máis beneficiosa para o interesado.

Artigo 16.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, inexcusablemente, ademais dos documentos citados no artigo 4.1, os seguintes:

- a) O certificado de matriculación ou, no seu caso, fotocopia compulsada da folla de liquidación das taxas de matrícula correspondente ao curso para o que se solicite a axuda económica.
- b) Fotocopia do plan de estudos da carreira que corresponda.

Artigo 17.º . Importes máximos destas axudas.

17.1.-O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica por gastos de bolsa de estudos será o que segue:

Tipo de estudios	Euros
Apartado a) do artigo 15.º.1	110,00
Apartado b) do artigo 15.º.1	185,00
Apartado c) do artigo 15.º.1	260,00
Apartado d) do artigo 15.º.1	550,00
Apartado e) do artigo 15.º.1	Segundo a equiparación cun dos anteriores...

17.2.-No suposto de cursar materias soltas, o importe da axuda calcularase de forma directamente proporcional ao número total de materias ou créditos do curso correspondente. Se fosen materias de distintos cursos calcularase porcentualmente sobre o total de materias ou créditos de cada un deles, ata o límite da axuda.

17.3.-Para os efectos do cálculo do importe da axuda polos estudos do apartado d) e e), non se computarán as materias que se repitan por segunda vez (3.ª matrícula).

17.4.-No caso dos proxectos de fin de carreira computarase como gasto realizado o importe da matrícula ou a taxa que corresponda, sempre referido a estudos realizados en centros educativos públicos que se atopen en territorio do Estado español.

CAPÍTULO IV. AXUDA ECONÓMICA POR GARDERÍA

Artigo 18.º . Alcance.

18.1.-Inclúese neste concepto os gastos derivados da estancia nas garderías, durante o ano anterior ao curso escolar ao que se refira a oportuna convocatoria, dos membros da unidade familiar do solicitante, ata o momento no que poida ter acceso ao 1.º curso escolar de educación infantil.

18.2.-Quedan expresamente excluídos dos citados gastos, os correspondentes a comida, transporte, seguros, material escolar e deportivo, e as denominadas actividades complementarias ou extraescolares.

18.3.-Para os efectos do disposto no apartado 1 deste artigo, entenderase por curso escolar o que vai desde o día 1 de setembro dun ano, ata o día 31 de agosto do ano seguinte.

Artigo 19.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uniranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a seguinte:

- a) Facturas orixinais desglosadas ou fotocopias cotexadas dos gastos realizados.

Artigo 20.º . Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá polo concepto de gastos de gardería será de 450 euros por fillo.

CAPÍTULO V. AXUDA ECONÓMICA POR ODONTOLOXÍA, OFTALMOLOXÍA, OTORRINOLOXÍA E ENFERMIDADE

Odontoloxía.

Artigo 21.º . Alcance.

Inclúense neste apartado os gastos por tratamentos odontolóxicos excluídos das prestacións da asistencia sanitaria da Seguridade Social ou entidades privadas de asistencia sanitaria, aos funcionarios do Concello da Coruña, realizados polo persoal incluído no ámbito de aplicación do presente regulamento.

Artigo 22.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, uníranse a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a seguinte:

- a) Facturas orixinais desglosadas, nas que deberá constar o nome do paciente, ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados.
- b) No caso de tratamentos con pago aprazado, deberá presentar a factura que conteña o orzamento completo do tratamento máis o correspondente documento xustificativo polo pago realizado no ano, onde se especificará taxativamente que ese pago corresponde ao orzamento total indicado con anterioridade.

Artigo 23.º . Importe das axudas.

O importe máximo a percibir polo concepto de axuda económica por gastos de odontoloxía, estará determinado polos prezos medios do tratamento odontolóxico de que se trate, non podendo exceder, en calquera caso, do límite de 2.200,00 euros por unidade familiar.

No caso do persoal laboral e dos funcionarios suxeitos ao réxime da Seguridade Social, a limpeza de boca deberá ser integramente cuberta en igualdade de condicións co persoal funcionario integrado deste Excmo. Concello.

A fin de determinar os prezos medios, achégase ao presente Regulamento como Anexo a táboa cos prezos máximos que se utilizarán para o cálculo das axudas por odontoloxía:

- Ortodoncia
- Endodoncias

- Radiografías
- Limpezas bucais
- Empastes
- Próteses

Fixar prezo máximo de ortodoncias en 900,00 por ano e unidade familiar.

Oftalmoloxía.

Artigo 24.º . Alcance.

24.1.-Inclúense neste concepto os gastos realizados na adquisición, por prescripción médica, de elementos correctores da visión (ou lentes ou lentes de contacto) realizados polo persoal suxeito ao ámbito da aplicación do presente regulamento.

24.2.-. Esta axuda concederáse só unha vez cada tres anos, por membro da unidade familiar; salvo que, no caso de cristais, exista prescripción médica que xustifique a necesidade de cambio por axuste de gradación.

24.3.-No caso de lentes de contacto non se aplica o límite dos 3 anos previsto no punto anterior.

Artigo 25.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4º.1, a seguinte:

- a) Informe do oftalmólogo ou optometrista colexiado
- b) Factura orixinal desglosada, ou fotocopia compulsada, do gasto realizado.

Artigo 26.º . Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda por gastos de oftalmoloxía non poderá exceder dos que se establecen a continuación:

CONCEPTO	IMPORTE
<i>Montura das lentes</i>	<i>150,00 €</i>
<i>Cristais</i>	<i>250,00 €</i>
<i>Lentes de contacto</i>	<i>200,00 €</i>

Otorrinoloxía.

Artigo 27.º . Alcance.

27.1.-Inclúense neste concepto os gastos realizados na adquisición, por prescripción médica, de elementos correctores da audición (audífonos), realizados polo persoal suxeito ao ámbito da aplicación do presente regulamento.

27.2.-Esta axuda concederáse só unha vez, por membro da unidade familiar; salvo que exista prescripción médica nas mesmas condicións que as reguladas no Sergas que xustifique a necesidade de cambio por falta de efectividade do anterior.

Artigo 28. Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a seguinte:

- a) Informe do otorrino do seguro médico, justificativo da necesidade de cambio
- b) Factura orixinal desglosada, ou fotocopia compulsada, do gasto realizado.

Artigo 29.º . Importe da axuda.

O importe máximo que se percibirá en concepto de axuda económica por compra de audífonos será de 800,00 €

Enfermidade.

Artigo 30.º . Alcance.

30.1.- Inclúense neste concepto, con carácter xeral, os gastos por servizos e/ou tratamentos sanitarios dispostos por persoal facultativo do seguro médico que corresponda e excluídos das prestacións sanitarias da Seguridade Social, realizados polo persoal suxeito ao ámbito de aplicación do presente regulamento e, tamén:

- a) Operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da visión, con informe que especifique as dioptrías de cada tipoloxía en cada un dos ollos, en calquera dos seguintes supostos:
 - Miopía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.
 - Miopía Astigmatismo: A suma das dioptrías de miopía máis a metade das de astigmatismo dese mesmo ollo sexa igual ou superior a 4.
 - Hipermetropía: Mínimo de 4 dioptrías no ollo operado.

O límite máximo deste tipo de axuda, por cada operación oftalmolóxica e ollo, será de 1.000,00 €

- b) Tratamentos ortoprotésicos, excluídos da Seguridade Social, cun prezo superior a 70 euros.
- c) Os tratamentos, intervencións e demais gastos aos que se refire este artigo deberán ser informados polo Servizo Médico Municipal sobre a idoneidade e/ou alternativas de cada un dos casos. Unha vez sexan informadas polo Servizo Médico todas as axudas de enfermidade serán sometidas a informe da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa.

30.2.-Quedarían excluídos do anterior alcance:

- a) Operacións de estética.

Operacións oftalmolóxicas dirixidas á corrección da miopía, cando contemplan os supostos non incluídos no apartado 30.1.a).

- b) Prestacións cubertas total ou parcialmente pola Seguridade Social ou servizos sanitarios concertados.
- c) Tratamentos ortoprotésicos incluídos na Seguridade Social e os excluídos que teñan un prezo inferior a 70 euros.

Artigo 31.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, unirase a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a seguinte:

- a) Informe ou prescrición facultativa do especialista do seguro médico, que xustifique a necesidade do servizo e/ou tratamento recibido.
- b) Factura orixinal detallada ou fotocopia cotexada dos gastos realizados.

Artigo 32.º . Importe da axuda.

Cada solicitude será estudada e valorada individualmente pola Xunta de Persoal, que fará a súa proposta, en función da valoración das circunstancias concorrentes en cada caso, o alcance e importe da axuda económica, solicitada polo traballador/a, sobre a que se aplicará, no seu caso, a táboa reflectida no artigo 8.º

CAPÍTULO VI. AXUDA ECONÓMICA POLA ADQUISICIÓN DE VIVENDA

Artigo 33.º . Alcance.

Inclúense neste concepto o financiamento dos intereses derivados da adquisición dunha vivenda, efectuada polo traballador/a municipal incluído no ámbito de aplicación deste regulamento. Non obstante

o anterior, poderán solicitar esta axuda os xubilados e pensionistas que con antelación ao momento do inicio do pago da pensión, tivesen concedido un préstamo destinado a adquisición de vivenda.

Artigo 34.º . Requisitos.

Esixiranse os seguintes requisitos para poder optar a esta AXUDA:

- a) A vivenda terá como finalidade servir de residencia habitual e permanente do solicitante. O solicitante só poderá dispor en réxime de propiedade dunha única vivenda dentro do territorio español. Só se poderá percibir esta axuda para unha única vivenda que sexa a residencia habitual e permanente do solicitante.
- b) A vivenda, obxecto da AXUDA, non poderá ser cedida, alugada ou vendida; e terá as mesmas excepcións contempladas no apartado que segue.
- c) Só se exceptúa o caso de dispor doutra vivenda en réxime de propiedade, cando a nova adquisición de vivenda única responda a necesidades sociais, talles como o incremento dos membros da unidade familiar ou o caso de que a necesidade xurda da obrigaón de atender a familiares dependentes, así como aqueles casos que a nova adquisición estea motivada por cuestións de accesibilidade ou inhabilitabilidade da vivenda habitual. Estes supostos serán acreditados mediante informe técnico correspondente do municipio no que resida o solicitante. Non se terán en conta os casos de multipropiedade por herdanza. No suposto de nova adquisición segundo o previsto anteriormente, a axuda que se conceda calcularase sobre a diferenza entre o valor de compra da nova vivenda e o da venda da antiga.
- d) Ter concedido un préstamo hipotecario por unha entidade financeira e ter satisfeito intereses no ano anterior ao que se refira o concurso das axudas. Ter amortizado capital dentro do ano de referencia, salvo situacións excepcionais, que serán valoradas. A data de compra da vivenda mediante escritura pública e a data do préstamo hipotecario, no suposto de non realizarse no mesmo día ou de forma conxunta, non diferirá en máis dun mes.
- e) En caso de cesión, venda ou aluguer non incluído no apartado c), no prazo inferior a dez anos, desde a última AXUDA concedida por este concepto, o solicitante verase obrigado á devolución de todo importe recibido por esta AXUDA.

Artigo 35.º . Documentación.

Sen prexuízo dos datos consignados na solicitude, acompañará a esta, ademais da documentación establecida no artigo 4.º .1, a que segue:

- a) Fotocopia cotexada da póliza do préstamo hipotecario ou persoal concedido pola entidade financeira correspondente.

- b) Fotocopia cotexada da escritura de compravenda da vivenda.
- c) Fotocopias cotexadas dos recibos trimestrais acreditativos do pago ou, no seu caso, certificación expedida pola entidade crediticia; referida ao importe dos intereses abonados e do capital amortizado durante o ano a que se refira o concurso das axudas.
- d) Certificado de empadramento para os solicitantes que non residan no termo municipal da Coruña.
- e) Certificado do Rexistro Central da Propiedade no que conste de que bens inmobles é propietario o solicitante no territorio español.
- f) Cando a documentación presentada fose insuficiente, poderase requirir ao interesado para que a complete.

Artigo 36.º . Importe da axuda económica.

36.1.-O importe máximo que se percibirá por concepto de adquisición de vivenda será do 60% dos intereses abonados polo solicitante, dentro do ano anterior ao que se refire o concurso de axudas, e sobre un préstamo máximo de 30.000,00 euros; ou, de ser o caso, da cantidade debida do préstamo. En ambos os casos, refírese ao capital pendente de amortizar ao día 1 de xaneiro de cada ano.

36.2.- No caso de que o préstamo teña un importe superior a 30.000,00 euros o cálculo de intereses e amortización farase sobre a porcentaxe que supoñan os 30.000,00 €, do total do préstamo concedido.

36.3.-En ningún caso o importe da suma das axudas concedidas por este concepto poderá superar o 25% da partida global destinada ás axudas económicas.

ANEXO

"PREZOS MÁXIMOS PARA O CÁLCULO DE AXUDAS POR ODONTOLOGIA"

PREVENCIÓN	
Selado de fisuras	30,00 €
Limpeza de boca (tartractomía)	40,00 €
Mantedor de espazo a dúas bandas	75,00 €
Mantedor de espazo removible	75,00 €

RADIOGRAFIAS	
Radiografías intrabucais	10,00 €
Ortopantomografía	32,00 €

ENDODONCIAS	
Endodoncia dun conducto	66,00 €
Endodoncia de dous conductos	80,00 €
Endodoncia de tres conductos	105,00 €
Endodoncia de catro conductos	118,00 €
Pulpotomía e reconstrucción	52,00 €

PERIODONCIAS	
Raspado e alisado radicular (por cuadrante)	60,00 €
Xinxivectomía o xinxivoplastia (por dente)	26,00 €
Xinxivectomía o xinxivoplastia (por cuadrante)	66,00 €
Cirurxía periodontal a colgalo	130,00 €
Cirurxía a colgalo con inxerto	180,00 €

ODONTOLOXIA CONSERVADORA	
Obturacións	36,00 €
Reconstrucción con pernos	95,00 €
Incrustacións	135,00 €
Corona prefabricada de acero	39,00 €

CIRURXIA ORAL	
Extraccións non cubertas polo sistema nacional de saúde	76,00 €
Quistectomía	118,00 €
Cirurxía preprotésica	104,00 €

IMPLANTOLOXIA ORAL	
Implante xustaoseo	450,00 €
Implante endoosseo non osteointegrado	480,00 €
Implante endoosseo osteointegrado	580,00 €

PRÓTESE REMOVIBLES	
Prótese completa (superior ou inferior), cada unha	300,00 €
Prótese removible, menos de tres dentes	170,00 €
Prótese removible, de tres a seis dentes	225,00 €
Prótese removible, máis de seis dentes	290,00 €
Pase (aparato completo)	80,00 €
Pase (medio aparato)	40,00 €
Compostura	26,00 €
Engadir pezas a prótese	33,00 €

PRÓTESE FIXAS E MIXTAS	
-------------------------------	--

Coroa	150,00 €
Ponte de Maryland	265,00 €
Attache de precisión	110,00 €

OCLUSION/REHABILITACION NEUROOCLUSAL	
Análise oclusal	52,00 €
Tallado selectivo	46,00 €
Férula de descarga	130,00 €

ORTODONCIA	
Tratamientos de ortodoncia anual	900,00 €

